

**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL  
DO CONCELLO DE BAIONA**

**DOCUMENTO 2. ESTUDO DO MEDIO RURAL E ANÁLISE DO MODELO DE  
ASENTAMENTO POBOACIONAL**

**ÍNDICE ESTUDO DO MEDIO RURAL  
E ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL**

<b>CAPÍTULO 1. MEMORIA MEDIO RURAL .....</b>	<b>1</b>
1. Medio físico. caracterización ambiental e paisaxística .....	1
1.1. Situación e límites do termo municipal .....	1
1.2. Caracterización e valoración ambiental e paisaxística do territorio.....	1
2. Valoración do medio natural e do patrimonio cultural.....	4
2.1. Patrimonio natural e paisaxístico .....	5
2.2. O patrimonio cultural vencellado ao territorio .....	6
<b>CAPÍTULO 2. MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL .....</b>	<b>8</b>
1. Análise do modelo de asentamento poboacional .....	8
1.1. División e estrutura parroquial. principais características das parroquias.....	8
1.2. Identificación dos núcleos .....	10
1.3. Dinámica territorial en desenvolvemento do planeamento vixente .....	11
1.4. Análise dos núcleos de poboación .....	12
1.5. A tipoloxía das edificacións e construcións tradicionais .....	15
<b>CAPÍTULO 3. FICHAS DOS NÚCLEOS RURAIS .....</b>	<b>22</b>
1.1. Parroquia de Baiona .....	22
Covaterreña .....	24
1.2. Parroquia de Baíña .....	25
Fontes .....	28
Igrexa .....	30
O Cruceiro.....	32
O Río.....	34
Os Eidos.....	36
1.3. Parroquia de Baredo .....	37
A Ponte .....	40
A Torre .....	42
As Cadeiras.....	44
Bouza .....	46
O Cancelo .....	48
O Agro.....	50
O Caneiro.....	52
O Carballo .....	54
O Lombo .....	56
Portelo.....	58
Río.....	60

1.4. Parroquia de Belesar .....	62
A Granxa .....	64
Estibada .....	66
Medialdea.....	68
Troncoso .....	70
Urgal.....	72
1.5. Parroquia de A Ramallosa .....	74
Bouzós .....	76
O Caeiro .....	78
Devesa .....	80
Morade .....	82
Ribeira .....	84
Sopegal .....	86
Viso Calvos .....	88
O Xuncal .....	90
Xuncal - O Viso .....	92



## CAPÍTULO 1. MEMORIA MEDIO RURAL

### 1. Medio físico. caracterización ambiental e paisaxística

#### 1.1. Situación e límites do termo municipal

Baiona é un municipio cunha extensión superficial de 34,22 Km<sup>2</sup>, localizado no sudoeste de Galicia, na provincia de Pontevedra, está bañado polo océano Atlántico, na bahía de Baiona e na marxe esquerda da ría de Vigo.

A súa situación xeográfica é: latitude 42° 0'7, Norte; e a lonxitude de 8° 50'5, Oeste; sendo a altitude media de 20 metros sobre o nivel do mar. Convén ter presente, a efectos de identificación, que o código xeográfico de Baiona, é o 360300; o do INE, o 36003 ; e as follas do mapa topográfico nacional, a escala 1/50.000, nas que aparece debuxado, son as números: 260, e, 261.

#### 1.2. Caracterización e valoración ambiental e paisaxística do territorio

Nos apartados seguintes faise unha breve descrición dos aspectos ambientais máis relevantes no concello, estes atópanse máis amplamente estudados no plan de sostibilidade ambiental.

##### 1.2.1. Xeomorfoloxía

Baiona conta no seu casco urbano con 6 praias das máis diversas características, a primeira delas, a praia de Ladeira, é a máis ampla de todas con 3 Km de lonxitude. É unha praia aberta ao mar e cunha pequena zona de dunas bastante degradadas, esta praia se encontra no complexo intermareal de “A Ramallosa” que se encontra dentro do espazo natural protexido da Foz do río Miñor.

En canto ao perfil da costa de Baiona, é alto, rochoso e aberto ao Atlántico, con algunhas illas e pequenas praias, no tramo comprendido entre o cabo Silleiro á Punta do Boi; e no tramo comprendido entre o castelo de Monterreal ata a desembocadura do río Miñor, interrompido pola península de Santa Marta, a costa é baixa e areosa.

A paisaxe do municipio presenta un relevo accidentado, sendo máis acusado no sur onde o relevo é máis escarpado con montes que superan os 600 metros de altitude, (632 m en el Alto de A Groba), que no norte onde o relevo faise máis suave rodeando a desembocadura do río Miñor co seu estuario e no tramo final del río Groba. Ademais existen tamén pequenos outeiros como o monte de San Roque con o enclave da virxe da Roca.

Dentro dos límites municipais se encontran tres espazos naturais catalogados pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. O espazo da Foz do río Miñor, onde se encontra o complexo intermareal de la Ramallosa, o encoro de Baíña, que serve de abastecemento de auga potable para o casco urbano, a serra de Argallo, que ten a serra da Groba dentro do límite municipal de Baiona.

##### 1.2.2. Climatoloxía

A zona de Baiona presenta un clima de tipo Mediterráneo-marítimo –segundo a clasificación de Papadakis (1966) –con abundantes precipitacións durante a maior parte do ano, que alcanza o seu máximo nos meses de novembro, decembro e xaneiro (máis de 180 mm. / mes) e cunha estación seca que comprende os meses de xuño e xullo, con precipitacións menores de 40 mm/mes. A temperatura media anual é de 14,9 °C con valores que oscilan entre os 20 °C de xullo e os 10,2 °C de xaneiro. A amplitude térmica media é de 9,7 °C.

O clima é de tipo “chuvioso e temperado”, o réxime de choivas é de tipo “mediterráneo marítimo” o que supón abundantes precipitacións ao longo de todo o ano cunha época algo máis seca en verano.

Os ventos dominantes son de compoñente W a SW para as estacións de verán e primavera e de compoñente S a SW en inverno e outono. Coinciden coa orientación da Ría producindo un considerable réxime de olas para una zona protexida como é esta, e incluso poden chegar a ter un efecto de freo no refluxo e de acelerador no fluxo.

##### 1.2.3. Hidroloxía

###### 1.2.3.1. Augas superficiais

O concello de Baiona ten 4 leitos fluviais importantes que forman as catro bacías máis importantes do municipio. A primeira bacía é a que forman os ríos Portelo e Regueras, a segunda é a do río Baíña, este río ten algúns tributarios importantes como son o arroio do Gato, o arroio de Sta. Fonte e arroia Lavandas. Estes arrosos verquen as súas augas o encoro de Baíña, a terceira das bacías é a do río Guillade que ten a súa desembocadura na Praia da Ladeira. A última é a do río Groba que non se atopa totalmente dentro dos límites do concello. As bacías aquí descritas ocupan o 80 % do territorio.

###### 1.2.3.2. Augas subterráneas

A auga subterránea presente neste municipio é de boa calidade, xa que non existen grandes focos de contaminación e non se detecta intrusión mariña na masas de auga subterráneas. Non existen no concello de Baiona augas subterráneas importantes, o seu aproveitamento é puntual, doméstico e individual, utilizándose para abastecemento de núcleos pequenos, aldeas e vivendas unifamiliares.

##### 1.2.4. Edafoloxía

“O solo é o conxunto de unidades naturais que ocupan as partes da superficie terrestre que soporten as plantas, as súas propiedades débense aos efectos combinados do clima e da materia viva sobre a rocha nai, nun período de tempo e un relevo determinado”.

Existen dúas clases de solos no concello de Baiona, o tipo entisol e o inceptisol. Trátase de solos moi pouco evolucionados. Na súa textura predomina o tamaño limo. O seu escaso desenrolo pódese deber a :

- Clima (moi severo)
- Erosión (moi intensa)
- Aportes continuos (aluvións e coluvións recentes)
- Materiais orixinais moi estables (minerais resistentes e o material non evoluciona)
- Hidromorfía (o exceso de auga impide a evolución)
- Degradación (a labra exhaustiva pode ocasionar á destrucción total do solo)

#### 1.2.5. Usos do solo

O solo no concello de Baiona está maioritariamente ocupado polas matogueiras e os bosques de coníferas e eucaliptos. Estes dous tipos de vexetación ocupan a metade do municipio. Segundo os datos máis actualizados para o concello de Baiona no Mapa Nacional de Cultivos e Aproveitamentos amosa os seguintes resultados:

Uso	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)
Asociación de coníferas e eucalipto	880,1	25,4
Coníferas	579,2	16,7
Eucalipto	315,7	9,1
Improdutivo	110,5	3,2
Labor en secano	744,8	2,5
Matogueira	787,3	22,7
Matogueira con coníferas	4	0,1
Pastizal con matogueiras	30,7	0,9
Prados naturais	13,9	0,4
SUPERFICIE TOTAL	3466,2	100

#### 1.2.6. Biodiversidade

##### 1.2.6.1. Vexetación

A vexetación é un elemento ambiental moi especial, é, en moitos casos, a parte máis visible dun ecosistema, pois estendese como un tapiz ao longo de todo o territorio xeográfico, o conxunto de plantas que poboan un area determinada exercen entre si múltiples influencias e manteñen relacións recíprocas con parámetros do clima, topografía, xeoloxía, edafoloxía e hidroloxía.

O Concello de Baiona dende o punto de vista bioxeográfico atópase localizado na Rexión Eurosiberiana, Provincia Cántabro-Atlántica, Sector Galaico-Portugués, Subsector Miñense. O Subsector Miñense en Galicia localízase nas Rías Baixas ata o Ulla, sendo o subsector de influencia máis cálida.

Os bosques característicos (os bosques climáticos) das terras litorais a occidente da Dorsal Galega, seguindo o esquema sistémico da fitosocioloxía, pertencen á asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, subespecie *Arbutus unedo* que é unha carballeira de influencia mediterránea. Estas carballeiras deberían ser os bosques predominantes no territorio están case desaparecidos, non só nestas comarcas, senón que tamén se fai notar en toda Galicia.

Outro bosque corolóxico e polo tanto autóctono neste territorio é o bosque ribeireño ou ripisilva que pertence a asociación *Senecio bayonensis-Altenum glutinose*. *Ameneiral ripario* claramente termófilo e de influencia mediterránea, dos pisos termocolino e colino. As especies máis comúns deste bosque húmido son os amieiros (*Alnus glutinosa*), que enriquece o bosque con nitróxeno, secundado por salgueiros (*Salix* sp) e, en menor medida freixos (*Fraxinus angustifolia*), saúcos (*Sambucus nigra*), e outras arbores.

##### Vexetación actual

A cuberta vexetal do concello o mesmo que na comarca ten dende repoboacións forestais de piñeiros e eucaliptos, ata pequenos bosques de arborado de ribeira, matogueiras, pasteiros, carballeiras, sobreirais, xunqueiras e carriceiras, prados e vexetación de rochedos costeiros.

##### 1.2.6.2. Fauna

O concello de Baiona presenta unha gran riqueza de especies animais. Dos diversos e variados hábitats existentes no territorio son principalmente os hábitats acuáticos, tanto fluviais como mariños e costeiros os que teñen un maior interese para a fauna sobre todo para os paxaros.

- **Herpetofauna:** O 71% da herpetofauna de Galicia atópase representada dentro dos límites do concello. En total 26 especie de anfibios e réptiles.
- **Mamíferos:** Encontráronse unas 35 especies, é dicir a metade das que cohabitan en Galicia. No municipio de Baiona existen na serra da Groba manadas de cabalos e vacas en estado de semi-liberdade.
- **Aves:** Existe na zona 81 especies de aves, o que representa máis do 75% das especies galegas.

No Concello de Baiona atópase o complexo intermareal da Ramallosa que está incluído dentro da Rede Natura 2000. Esta zona é de un gran valor ecolóxico polo que a súa vexetación e fauna merece un apartado especial dentro do estudo da zona.

#### **2. Valoración do medio natural e do patrimonio cultural**

Con unha extensión de 34,22 Km<sup>2</sup>, o territorio sobre o que se asenta o Concello de Baiona está marcado pola desfavorable orografía, de xeito que os escasos lugares propicios para asentamentos de gran tamaño están próximos á costa, pois un interior montañoso e con fortes desniveis que chegan ata a beira do mar configuran a maior parte do espazo. A liña costeira ten como elemento singular a bahía que acolle ós principais núcleos de poboación enmarcados polas

penínsulas da Punta do Boi, de Santa Marta e de Punta Lameda xa pertencente a Panxón. O resto da costa ten un carácter aberto, rochoso e escarpado. O terreo caracterízase pola distribución norte-sur de saíntes rochosos moi abruptos entre os cales quedan superficies achairadas polas que descorren os cursos fluviais (Groba, Guillade, Baiña e Tres Regueiros e Pontiña), é nestes espazos, xunto coa banda litoral, delimitada pola bahía de Baiona, onde se concentra a poboación.

## 2.1. Patrimonio natural e paisaxístico

### 2.1.1. A paisaxe litoral. espazos naturais

- Serra do Argallo-Monte de Mougás

Delimitado polas normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial como espazo natural, está denominado como espazo catalogado a Serra de Argallo-Monte de Mougás, pola consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Inclúe a serra da Groba no municipio de Baiona, a Serra de Argallo e o val do Rosal nos municipios de Oia e a Guarda.

Polas ladeiras da Serra da Groba existe unha ruta de sendeirismo de 17,2 Km, que discorren polos montes en man común, e que partindo do campo da Palma no centro de Baiona, ascende pola Virxe da Roca, percorre por calzadas empedradas e pistas forestais lugares como os petroglifos da Moura, a área recreativa do Chan da Lagoa ou as construcións tradicionais dos eidos.

- Encoro de Baiña

O Encoro de Baiña tamén está considerado como espazo catalogado pola consellería de Medio Ambiente, serve de abastecemento de auga potable ós núcleos de poboación de Baiona.

- A foz do Miñor.

Dentro do espazo natural da Foz do Miñor, encontrase dentro do municipio de Baiona na súa maior parte na area intermareal da Ramallosa na enseada de Baiona.

O río Miñor desemboca na bahía, existindo outros mais pequenos, o Groba e o Belesar, que verten as súas augas dentro da Foz.

A marisma que forma na desembocadura está protexida por unha frecha litoral da acción directa do mar e forma un ecosistema singular onde a presenza de auga, con pouca profundidade debido ó material impermeable có que está constituído dende o punto de vista xeolóxico é o factor que controla o medio creando unha gran diversidade biolóxica ó almacenarse material xenético animal e vexetal que supón o alimento a unha numerosa fauna invertebrada que serve a súa vez de sustento a numerosas especies de aves migratorias (ata 21 especies), a vez que desempeñan unha importante función de depuración das augas debido os procesos químicos que teñen lugar nos sedimentos.

A foz tamén é un recurso económico que é explotado pola cofradía de pescadores da Anunciada, debido a existencia de moluscos como a ameixa fina, a cadelucha e o croque.

Este sistema ecolóxico está sufrindo importantes modificacións que o degradan e é preciso rectificar, xa que ademais dos recheos artificiais que reducion a área utilizada polas aves, e as edificacións e estradas construídas no seu perímetro que limitaron o efecto de regulador hídrico da marisma, producíronse outros efectos negativos, como o aumento da contaminación, a instalación dun cámping sobre o recheo na barra litoral e a degradación das dunas.

## 2.2. O patrimonio cultural vencellado ao territorio

### 2.2.1. Lugares arqueolóxicos.

No municipio de Baiona atopamos vestixios arqueolóxicos que fan pensar nunha longa e continuada utilización do territorio. Xunto a achados líticos illados e de dubidosa adscrición cultural atopamos tamén túmulos funerarios, inscricións rupestres e asentamentos castrexos e medievais. A valoración dos restos arqueolóxicos conservados debe facerse sempre con moitas reservas especialmente a medida que nos afastamos do presente. Os achados líticos illados (Alto da Fonte da Anta, Loudredeos, Outeiro do Home) non se poden relacionar con restos de asentamentos eventuais ou permanentes se non aparecen contextualizados. No caso dos petroglifos, (Petroglifos de San Cosme, Petroglifos de A Puexa, Petroglifo de O Grinchoso, Petroglifo de Costa de Quenlle, Petroglifos de Alto de Quenlle, Petroglifo do Castro, Petroglifo de Fonte das Vacas, Petroglifos de Outeiro das Pereiras, Petroglifos dos Campos, Petroglifos de Regueiro da Retruca, Petroglifos de A Puexa, Petroglifos de Outeiro das Pereiras, As Insuas, Petroglifo do Alto de Quenlle) a súa situación illada en lugares pouco alterados pode favorecer a súa conservación non obstante persisten os problemas relativos a súa datación e adscrición cultural, atópanse na súa maioría preto de pistas forestais sen recubrimento, feito que nos leva a pensar nun descubrimento casual e non froito dunha prospección do terreo (sen prexuízo do coñecemento ancestral que deste tipo de elementos arqueolóxicos adoitan ter os veciños dos lugares). Destaca o conxunto de Outeiro dos Lameiros pola concentración e disposición dos motivos gravados.

Os túmulos (Chan da Bouza) dependendo do tipo de enterramento que recobren teñen unha ampla difusión temporal que vai dende o Neolítico ata épocas finais do Bronce o incluso do Ferro Inicial.

Os xacementos castrexos (Castro da Carabela, Castro de Morade, Castro de Belesar) non adoitan prantexar problemas de datación (adscíbense polo xeral a algún momento da Idade do Ferro) aínda que no caso de Baiona semellan estar moi alterados polo uso continuado do espazo xa que ocupan lugares alterados polas edificacións (históricas e actuais), é o caso do Castro de Belesar (topónimos "Castro" e "Cividá"), Castro de Monterreal e Castro de Santa Marta. Compre reseñar a

ausencia de restos romanos identificados nun lugar que pola súa ubicación é propicio para o asentamento dunha vila ou cidade.

Polo que respecta os asentamentos medievais (Samarrón) e modernos a problemática é semellante ós xacementos castrexos no tocante á súa conservación pois trátase de lugares de utilización continua dende épocas remotas.

#### 2.2.2. Arquitectura relixiosa

A arquitectura relixiosa adoita amosar os máis interesantes elementos constructivos nas vilas e lugares de Galicia. Se entendemos a arquitectura relixiosa dun xeito amplo podemos incluír multitude de elementos patrimoniais dende os conxuntos parroquiais (templos e cemiterios) ata as colexiadas, conventos, mosteiros, capelas e cruceiros. Este tipo de arquitectura caracterízase pola súa calidade constructiva tanto nas formas como nos materiais, conformando sempre espazos de indubidable interese patrimonial. No concello de Baiona se exceptuamos o propio conxunto histórico de Baiona non temos elementos constructivos destacables fora dos definidos polos conxuntos parroquiais con templos relativamente recentes datables entre os séculos XVII e XVIII (templos parroquiais de Baredo, Belesar e Baíña). Dispomos dunha pequena mostra de cruces altas (e de algún cruceiro) dispostas nos antigos camiños.

#### 2.2.3. Arquitectura civil

De xeito moi restrictivo entenderemos como arquitectura civil o conxunto de construcións cultas ou de certa entidade que actúan como elementos de referencia no contorno en que se sitúan. Os pazos, casas grandes e rectorais adoitan ser os elementos máis destacables da arquitectura civil en Galicia. No concello de Baiona este tipo de construcións son moi escasas fora do conxunto histórico. So as casas rectorais de Baíña, Belesar e Baredo se aproximan a este concepto constructivo aínda que máis pola función que exerceron en tempos pasados que pola súa tipoloxía constructiva, moi sinxela e semellante en tódolos aspectos as casas vivenda próximas.

#### 2.2.4. Arquitectura militar

A importancia como porto comercial no pasado e máis o emprazamento estratéxico que ocupa Baiona cunha ampla badía na entrada da Ría de Vigo propiciou a construción de defensas xa dende a Idade do Ferro. Na actualidade consérvanse os restos da fortaleza medieval do Monte do Boi ampliada e adaptada entre os séculos XV ó XVIII (Fortaleza de Monterreal) e máis a Bateria de Costa de Cabo Silleiro (s. XX) que ocupa parte da franxa costeira da parroquia de Baredo.

## CAPÍTULO 2. MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL.

### 1. Análise do modelo de asentamento poboacional

Na actualidade é moi complexo definir o tamaño e tipo dos asentamentos primitivos, pois teñen desaparecido as referencias que noutros lugares serven de indicadores. Incluso o lugar de San Cosme, que carece de acceso pavimentado, conta con edificacións de nova factura ou remodelacións doutras existentes, que se poden considerar exemplos da degradación a que chega a arquitectura tradicional do concello.

A ampliación de camiños, o pavimento de corredeiras e a eliminación ou substitución de muros e valados, xunto coa nova construción, fan imposible a tarefa de definir cun mínimo de precisión os núcleos antigos. Non obstante podemos intuír polos escasos vestixios de construcións antigas, que a poboación do interior do concello ocupaba pequenos núcleos acasados ou vivendas illadas entre terras de cultivo delimitadas por muros de pedra que dan o seu característico aspecto á franxa litoral galega.

No pasado os vínculos entre o home e o espacio que habitaba eran moito máis estreitos que na actualidade polo que, tradicionalmente, existe unha clara relación entre a forma de ocupar o territorio e o tipo de construción empregada para facelo; isto é así porque as construcións adoitan ser indicadores do tipo de vida que desenrolan as comunidades que as edifican. O tamaño dos edificios, os materiais empregados e a forma de se dispor sobre o terreo son importantes testemuñas da vida dos lugares.

#### 1.1. División e estrutura parroquial. principais características das parroquias.

O Concello de Baiona divídese en cinco parroquias: Baíña, Baredo, Baiona, Belesar e Ramallosa. Destas cinco, Baiona é a parroquia con carácter urbano por excelencia, polo que non será considerada materia de análise neste documento.

A parroquia de Baíña, situada ao Oeste da de Baiona fundamentalmente converteuse nun barrio máis da zona urbana de Baiona polo que unicamente os barrios de Os Eidos, Fontes e Igrexa poderán ser considerados como núcleos rurais.

Amosa unha disposición poboacional similar ó resto dos lugares do interior do concello, de xeito que se trata de pequenas concentracións abertas de edificacións unifamiliares situadas entre antigos camiños actualmente pavimentados e rodeados de terras de cultivo, dispostas en pequenas parcelas pechadas nas inmediacións dos cursos fluviais.

A vivenda tradicional carece xa de importancia na definición da tipoloxía constructiva neste tipo de asentamentos, nos cales se observa un claro proceso de substitución nos tipos de casa vivenda cara a modelos menos específicos e máis acordes coas necesidades actuais. Perviven algunhas construcións tradicionais pero moi modificadas ou en estado de ruína.

Destacan algunhas construcións en A Igrexa, fronte ó conxunto parroquial, tamén moi alteradas por reconstrucións e substitución de materiais. Moi preto deste lugar en Os Eidos, un pequeno espacio de chaira no que atopamos outro conxunto aberto de edificacións tradicionais moi alteradas. A construción de vivendas neste lugar reflexa claramente o cambio de uso do solo, pois a denominación (eido) indicaba calquera finca particular adicada o cultivo que ocupaba o mellor lugar cultivable.

As Fontes, A Igrexa, As Laxes (de laxa, rocha plana), O Río e San Cosme. Non presentan dificultades de interpretación son descritivos

Poboación dispersa en pequenas agrupacións abertas entre terras de cultivo aproveitando as ladeiras do val do río Baiña. O núcleo principal de Fontes dispónse sobre un espigón que sobresaí de norte a sur no val.

Todos os lugares manteñen non obstante o seu carácter disperso con construcións illadas, algunhas de tipo tradicional moi modificadas.

Baredeo é unha agrupación de lugares con identidade propia que se estenden sobre un amplo val polo que descorren pequenos ríos, protexido dos ventos do oeste polo promontorio do cabo Silleiro.

Na actualidade sobre este espacio atopámonos con núcleos tradicionais de pequeno tamaño hoxe moi desfigurados pola construción de novas vivendas illadas que forman na práctica un solo asentamento sen solución de continuidade. O lugar, en orixe dunha clara vocación agrícola, conserva poucas casas tradicionais pero aínda perviven algúns hórreos se ben moi modificados, tamén son comúns os muíños hidráulicos dos que se conservan varios exemplos.

Topográficamente son asentamentos dispostos nunha chaira surcada por pequenos cursos fluviais rodeados de terras de cultivo que se pechan por pequenos muros de cachote.

Baredeo subdivídese en asentamentos menores ou barrios como A Ponte, A Bouza, O Cancelo, O Caneiro, O Carballo, O Lombo ou O Agro. Estes lugares teñen topónimos claramente vencellados coas explotacións e usos agrícolas aínda que se teñen perdido as utilidades tradicionais dos lugares de referencia.

A tipoloxía tradicional das construcións é a típica da costa das Rías Baixas, volumes simples e prantas rectangulares. Os materiais de construción son tamén comúns na zona empregando pedra de grao para os paramentos e tella para as cubertas. Non obstante son moi poucos os exemplos que podemos citar, pois case que todas as construcións sufriron reformas en maior ou menor grado en tempos moi recentes.

A parroquia de San Lourenzo de Belesar ocupa a parte sur-leste do concello de Baiona. Ten uns límites naturais moi marcados definidos polo río Groba ó leste e a Serra do Argallo cara o sur e oeste.

O espacio caracterízase precisamente pola presenza da serra, que define o interior do concello de Baiona, deixando unha franxa de terreo útil no val do río Groba que se aproveita case que completamente coas terras de cultivo e para edificar as vivendas. É polo tanto un lugar condicionado pola pendente, de feito que case que tódolos asentamentos xorden aproveitando os límites das terras de cultivo, a media ladeira, e tentando buscar os replanos naturais do terreo.

A pesares da proximidade á costa a parroquia de Belesar ten un marcado carácter rural e agrícola, algo por outra parte común nos asentamentos do interior de Baiona. Este carácter rural faise evidente nos asentamentos tradicionais que condicionan a súa ubicación ó aproveitamento das terras cultivables próximas.

Aínda que en orixe os lugares foron pequenos asentamentos preto de camiños e especialmente á carón do conxunto parroquial, na actualidade o que se observa é un hábitat disperso con vivendas unifamiliares espalladas e núcleos pouco definidos .

A parroquia de Ramalloza, contigua á de Baiona seguindo a liña de costa cara ao leste, tamén ten fundamentalmente carácter urbano, excepto os barrios de Morade e de O Xuncal situados na parte leste e sur da parroquia achegándose á parroquia de Belesar.

## 1.2. Identificación dos núcleos

A relación de entidades por parroquias na que se identifican os núcleos rurais relaciónanse a continuación:

<b>PARROQUIA DE BAIONA</b>	<b>(SANTA MARIA)</b>
Covaterreña	
<b>PARROQUIA DE BAÍÑA</b>	<b>(SANTA MARIÑA)</b>
Eidos, Os	
Fontes	
Igrexa	
O Cruceiro	
O Río	
<b>PARROQUIA DE BAREDEO</b>	<b>(SANTA MARÍA)</b>
Agro	

Bouza  
Cadeiras  
Cancelo, O  
Caneiro, O  
Carballo, O  
Lombo, O  
Ponte  
Portelo  
Torre, A  
Río

**PARROQUIA DE BELESAR**

**(SAN LORENZO)**

Estibada  
Granxa, A  
Medialdea  
Urgal  
Troncoso

**PARROQUIA DE RAMALLOSA**

**(SANTA CRISTINA)**

Morade  
Xuncal, O  
Ribeira  
Bouzós  
Devesa  
Viso - Calvos  
Sopegal  
O Caeiro  
Xuncal - O Viso

**1.3. Dinámica territorial en desenvolvemento do planeamento vixente**

A principal problemática deriva da existencia de áreas de difícil ordenación, definidas morfolóxicamente por conxuntos de vivendas de 2ª residencia construídas sen ningún tipo de planificación urbanística e á marxe dunha ordenación coherente.

A alteración dos núcleos tradicionais chega ó extremo de que se fai difícil identificar os núcleos orixinais, transformados nun entramado continuo e sen solución de continuidade de vivendas unifamiliares artelladas mediante estreitas “rúas” habilitadas sobre antigos carreiros de acceso ás terras de labor. Este crecemento incontrolado dificulta, e incluso imposibilita en moitos casos, a desexable dotación de servizos e espazos necesarios para compoñer contornos urbanos de calidade. O crecemento aproveitando os camiños como puntos de atracción se ben resolve os

problemas derivados do acceso a curto prazo, acarrea problemas derivados da excesiva e incontrolada expansión dos espazos habitados, ocupando solos de aproveitamento agrícola e forestal ó mesmo tempo que se desaproveitan os servizos e infraestruturas existentes nos núcleos de orixe.

Cando se produce este crecemento, prantexado moitas veces sobre parcelas sen acceso directo a rúas ou estradas ou nos casos máis extremos apoiados en carreiros ou servidumes de paso, falla a visión de conxunto do territorio pois adoita responder a iniciativas individuais provocando a súa exclusión da estrutura do núcleo e complicando aínda máis a xa problemática prestación de servizos nos pequenos núcleos rurais.

**1.4. Análise dos núcleos de poboación**

**1.4.1. Morfoloxía**

A identificación dos núcleos de orixe dos asentamentos e fundamental para comprender as características da organización rural, concretamente para chegar a entender a evolución e desenrolo dos núcleos habitados e comprender os cambios e transformacións que deron orixe á actual configuración do territorio. O impacto dos asentamentos poboacionais no espazo ten consecuencias apreciables na percepción das paisaxes rurais tanto dende o punto de vista dos núcleos habitados como dos sistemas de interrelación dos mesmos (vías de comunicación e espazos de aproveitamento agro –forestal).

Os asentamentos tradicionais adoptan multitude de solucións que responden directamente ás complexas formas de funcionamento do mundo rural caracterizado pola multiplicidade e diversidade de actividades sociais e productivas e ás influencias das áreas urbanas próximas que moitas veces complementan. Isto fai que moitos núcleos tradicionais perdan en gran parte a súa identidade. O cambio das actividades productivas conleva tamén a substitución e transformación das tipoloxías constructivas das zonas rurais ata o punto de desfigurar os núcleos orixinais e facer case que imposible a súa identificación, de xeito que só se poden facer reconstrucións moi parciais e sesgadas baseándonos na microtoponimia que deixa unha forte e perdurable pegada no territorio, pero que xa non responde á realidade que se observa na maior parte do concello caracterizado pola construción “en continuo” e sen núcleos claramente definidos. O único trazo tradicional que se mantén responde as condicións orográficas que limitan á construción a unha estreita franxa costeira e os vales interiores distribuídos de norte a sur e flanqueados por escarpados afloramentos rochosos.

**1.4.2. Transformación dos núcleos**

Como moitos outros concellos costeiros, e sen esquecer a importancia que tivo Baiona como porto na Antigüidade (poboacións e núcleos castrexos e quizais romanos), na Idade Media e en época Moderna (atestiguada polos restos que conserva a cidade e os lugares próximos), os asentamentos tradicionais do interior do municipio tiveron ata tempos recentes unha base

económica agro-gandeira, característica que se reflexa na toponimia e nas redes de camiños que serven de nexos de unión entre os lugares habitados. Esta peculiaridade define e condiciona a tipoloxía constructiva e máis a morfoloxía dos asentamentos do concello.

A presión urbanística propiciada pola importancia turística que adquiriu o concello a partir da segunda metade do século XX, fixo que a edificación crecese dun xeito caótico e sen respectar as tipoloxías tradicionais. Así mesmo as construcións máis antigas presentan reformas e alteracións graves, feito facilmente observable tanto nas vivendas como nas construcións auxiliares.

Na actualidade é moi complexo definir o tamaño e tipo dos asentamentos primitivos, pois teñen desaparecido as referencias que noutros lugares serven de indicadores. Incluso o lugar de San Cosme, que carece de acceso pavimentado, conta con edificacións de nova factura ou remodelacións doutras existentes, que se poden considerar exemplos da degradación a que chega a arquitectura tradicional do concello. A ampliación de camiños, o pavimentado de corredeiras e a eliminación ou substitución de muros e valados, xunto coa nova construción, fan imposible a tarefa de definir cun mínimo de precisión os núcleos antigos. Non obstante podemos intuír polos escasos vestixios de construcións antigas, que a poboación do interior do concello ocupaba pequenos núcleos acasados ou vivendas illadas.

Posto que no pasado os vínculos entre o home e o espazo que habitaba eran moito máis estreitos que na actualidade, as construcións tradicionais son bos indicadores do tipo de vida que desenrolan as comunidades que as edifican. O tamaño dos edificios, os materiais empregados e a forma de se dispor sobre o terreo son importantes testemuñas das actividades desenroladas no territorio.

A construción popular do interior do concello, de tipo rural, é como temos comentado, practicamente testemuñal redeucíndose a unhas poucas edificacións do século XIX ou de principios do século XX (exemplos en Medialdea), o resto componse de pequenas vivendas ruinosas sen posibilidades de recuperación. Somentes algúns elementos tradicionais característicos como os hórreos e os muíños merecen ser destacados como puntos de referencia na definición das actividades ancestrais.

Por outra parte a tendencia a rehabilitar construcións tradicionais que vemos noutras partes de Galicia non se aprecia no concello de Baiona, preferindo a nova construción á recuperación de edificacións antigas. Este feito, que temos que relacionar co tipo de propietario, habitualmente sen vinculación coa terra e que non aprecia uns valores tradicionais que lle son totalmente alleos, non contribúe a mellorar o aspecto xeral da paisaxe antropizada, por outra banda moi deteriorada.

#### 1.4.3. Agrupacións territoriais

No concello de Baiona téñense producido amplas formacións territoriais vinculadas ás vías de comunicación e máis ós antigos núcleos de poboación tradicionais que foron incorporados a agrupacións en mancha ou de tipo lineal.

Dadas as características do territorio de Baiona caracterizado pola desfavorable relación entre as serras e os espazos aproveitables, a edificación concéntrase nos amplos vales fluviais ocupando as antigas terras de cultivo. Deste xeito palíase en parte a escaseza de solo edificable urbano.

Como consecuencia podemos establecer os seguintes núcleos e agregados:

#### **Parroquia de Baiona.**

- Covaterreña

#### **Parroquia de Baíña.**

- Fontes
- Igrexa
- O Cruceiro
- O Río
- Os Eidos

#### **Parroquia de Baredo.**

- A Ponte
- A Torre
- As Cadeiras
- Bouza
- O Cancelo
- O Agro
- O Caneiro
- O Carballo
- O Lombo
- Portelo
- Río

#### **Parroquia de Belesar.**

- A Granxa
- Estibada
- Medialdea
- Troncoso
- Urgal

### Parroquia de A Ramallosa.

- Bouzós
- Caeiro
- Devesa
- Morade
- Ribeira
- Sopegal
- Viso Calvos
- Xuncal
- Xuncal - O Viso

#### 1.5. A tipoloxía das edificacións e construcións tradicionais

En xeral a arquitectura tradicional, e máis concretamente a rural, caracterízase polo aproveitamento dos materiais que ofrece o medio, conseguindo así un equilibrio de formas, texturas e cores que a mimetiza co entorno próximo. Este equilibrio natural e non intencionado, impón así mesmo restriccións na edificación derivadas da natureza dos materiais. Estes condicionamentos aprécianse ben no termino municipal de Baiona, caracterizado dende un punto de vista xeolóxico pola abundancia de rocas pouco alterables como algúns tipos de xistos e pedra de grao. A abundancia de pedra propicia a utilización deste material de forma xeneralizada, e case que exclusiva, na construción tradicional deste concello, dando unha coloración característica as edificacións que non presentan acabados por enriba do cachote. Somentes as edificacións de carácter relixioso empregan a técnica da cantería de granito de xeito xeneralizado.

Como é evidente a utilización de materiais de construción está supeditada á dispoñibilidade local de materia prima pois, incluso nas construcións máis custosas, se empregan case exclusivamente os materiais que proporciona o mesmo entorno. Hai que reseñar que ata tempos recentes os medios de transporte e as vías de comunicación non facían doado os movementos de grandes cargas a distancias medias ou longas, o que implicaba un uso intensivo de materiais de construción locais. É por iso que en Baiona a edificación tradicional utiliza case que exclusivamente a pedra (granito) utilización lóxica e en consonancia coa abundancia deste material no lugar.

A madeira non se emprega ó exterior, incluso nos hórreos se ten substituído por ladrillo, material moito máis resistente e case que inalterable ó paso do tempo. Polo xeral a utilización da madeira queda restrinxida os pisos, ás cubertas e a espazos pouco expostos ós axentes atmosféricos, algo polo demais habitual en toda Galicia. En canto ós materiais cerámicos, en Baiona como no resto do país, limítase o seu uso ás cubertas pois a utilización do ladrillo non é considerada na arquitectura popular de tipo tradicional. Curiosamente non aparecen topónimos que fagan referencia á elaboración deste tipo de materiais polo que podemos deducir a procedencia foránea dos mesmos.

Dende o actual punto de vista a construción tradicional caracterízase pola súa perfecta integración no medio en que se abica. Esta integración obtense como xa comentamos mediante a utilización de materiais propios dos lugares e a adecuación das construcións ás necesidades económicas e productivas dos habitantes. A construción popular está feita á medida do home, e prescinde de elementos superfluos que poidan encarecer ou complicar a edificación. En xeral a construción tradicional e popular na costa é pobre nos materiais e sinxela na factura. As vivendas teñen planta rectangular de pequeno tamaño con vaos de moi escasa amplitude.

As casas-vivendas de pranta baixa, hoxe case que inexistentes, deberon ser moi frecuentes, as poucas que se conservan, perdida xa a súa condición de vivenda son adicadas a actividades auxiliares. Atopamos algunhas mostras de casas con sobrado e poucas con baixo e piso alto que conserven as súas características primitivas. Neste último caso accédese o alto polo exterior, xeralmente por medio dun patín, as veces con corredeor. As construcións con estruturas complexas e plantas en U ou L non son cuantificables pola súa escaseza o que recalca a sinxeleza das edificacións e a precariedade de medios dispoñibles.

Ó exterior as construcións aparecen coa pedra a vista, con cintado de barro ou totalmente recubertas. No tocante á amplitude dos muros depende do tipo de técnica constructiva empregada sendo polo xeral superior ós 50 cm.

A casa vivenda tradicional adoita estar cuberta por tella a dúas augas e presenta nos casos máis elaborados gardaventos de lousa ben traballados. A orientación das cubertas cando é posible faise tendo en conta os ventos dominantes e non acada grandes pendentes, en primeiro lugar porque así ofrece menos resistencia ó vento e en segundo porque a tella do país, cuberta orixinal das antigas vivendas tradicionais, non ten estabilidade suficiente como para permitir grandes inclinacións. As fiestras, moi pequenas como xa temos comentado, teñen ás veces un pequeno saínte, a modo de viseira, para tornar a auga da chuva.

A datación das vivendas populares é, como na maior parte de Galicia, moi problemática, a persistencia de tipoloxías antigas, en parte debido a economías de subsistencia, o emprego dos mesmos materiais ata mediados do século XX, e o pouco desenrolo das técnicas constructivas fan que, excepto en casos onde unha fecha deixe explícita referencia á construción, non poidamos asignar data a meirande parte das edificacións. Non obstante podemos deducir que as vivendas que están cubertas con tella plana e superan as inclinacións admisibles para a cerámica do país son posteriores ó século XIX, aínda así hai que ter en conta reformas, engadidos e a comentada persistencia de tipoloxías antigas ata hai ben pouco.

Fora do conxunto histórico de Baiona apenas temos exemplos de arquitectura tradicional pois as vivendas máis antigas que se conservan teñen sido reformadas con criterios distintos ós que



serían aconsellables para a conservación do patrimonio e da paisaxe construída. As alteracións máis comúns afectan os engadidos en volume, inclinacións e materiais de cubertas, enlucidos e recubrimentos, e apertura de vanos. Tampouco existen xa construcións adxetivas ou auxiliares que non fosen transformadas en vivendas. Estas intervencións sobre a arquitectura tradicional son contradictorias co sentido orixinal das construcións e prexudican notablemente o valor paisaxístico dos lugares. No que afecta á construción actual, exceptuando algúns exemplos destacables de arquitectura contemporánea, presenta formas impersoais sen tipoloxía definida, non adscribíbles a ningún estilo concreto. Isto unido á escasa calidade das mesmas e á súa distribución anárquica polo territorio, crea unha densa rede de carreiros e corredoiras pavimentadas que fan que sexa practicamente imposible a adecuada ordenación no referente a accesos e prestación de servizos.

No que atinxe á tipoloxía da construción tradicional podemos distinguir catro tipos de áreas construtivas: o conxunto histórico, o núcleo do Burgo e o camiño real, as construcións da estrada a Gondomar e as construcións rurais do interior.

Con respecto ó conxunto histórico son reseñables as fortificacións do Monterreal, e sobre todo as edificacións de Época Moderna e a disposición da longa rúa paralela á costa, moi pouco adecuada para un asentamento medieval de tanta importancia (espacio de chaira e difícil defensa) aínda que quizais sí para unha poboación romana.

Moi máis interesante resulta o núcleo do Burgo, disposto en costa cara un promontorio e mellor ubicado para un emprazamento medieval, polas súas características constructivas e incluso polos restos da Capela de Santa Marta. Este lugar ten en pranta un debuxo “oval”, protección natural (o profundo corte do río Baíña polo oeste, o cumio rochoso polo sur e o mar polo norte) rúas empinadas e un complexo sistema de estreitos camiños. Ten unha boa situación e fácil fortificación e defensa. Hoxe o que máis chama a atención son as vivendas que se dispoñen ó longo do “camiño real”, todas moi alteradas pero que conservan parte do seu carácter antigo polo que compre adoptar medidas apropiadas para a conservación e para o estudo dos posibles restos medievais que deron orixe a este asentamento.

